

ACTA NÚMERO: 40/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2022.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 11 horas do día 13 de outubro de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular
- D.Gabriel Rodriguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal en funcións de Secretario Accidental
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 7 de outubro de 2022 (Reunión 39/2022).*
2. *Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022043534).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)". (Expte.- 2022029524).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550 (O Grove)". (Expte.- 2022039816).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Balizamento na E.P. 8001 Caldas-Carracedo-Catoira (Caldas de Reis)". (Expte.- 2022039818).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego, D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación e D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro,



económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 7 de outubro de 2022 (Reunión 39/2022).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 7 de outubro de 2022 (Reunión 39/2022).

2. Proposta de adjudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra. (Expte.- 2022043534).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 2 de setembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de “Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra”, cos seguintes lotes:

Número	Denominación
1	Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Sede de Vigo, Turismo Rías Baixas (Palacete das Mendoza, Mosteiro de Armenteira, Castelo de Soutomaior, Castelo de Sobroso), Patrimonio documental e bibliográfico (arquivo provincial), Cohesión Social e Xuventude (Centro A Lanzada), Escola de Canteiros, Medio Ambiente (Finca Laboratorio Mouriscade), Estación Fitopatoloxía de Areiro, O.R.A.L. (oficinas de Pontevedra e oficinas periféricas) Asistencia Intermunicipal (CAAN, Revitaliza), Infraestruturas e Vías Provinciais (Parque Maquinaria Lalín e Gondomar), Cooperación cos Municipios (Viveiro de empresas Lalín, viveiro de empresas Barro-Meis e Centro de Apoio empresarial Barro-Meis).
2	Centro Príncipe Felipe
3	Museo de Pontevedra (Fernández López e anexo, Castro Monteagudo, García Flórez, Ruínas de San Domingos, Sarmiento e Castelao)

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 6 de setembro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 23 de setembro de 2022, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres



“A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- Técnica Instalaciones Eléctricas Galicia S.L. (NIF: B-32.501.298), ós lotes 1, 2 e 3.
- Segurlem, S.L. (NIF: B-36.262.053), ós lotes 1, 2 e 3.
- Sistemas de seguridade A1, S.L. (NIF: B-15.259.765), ós lotes 1, 2 e 3.
- Jomar Seguridad S.L (NIF: B-19.168.582), ó lote 1.

Na reunión da Mesa de Contratación do día 23 de setembro de 2022, tamén procedeu á apertura electrónica dos sobre “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

Técnica Instalaciones Eléctricas Galicia S.L. (NIF: B-32.501.298)

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	17.955,00 €	3.770,55 €	21.725,55 €
Lote 2	10.887,00 €	2.286,27 €	13.173,27 €
Lote 3	4.843,48 €	1.017,13 €	5.860,61 €

Segurlem, S.L. (NIF: B-36.262.053)

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	15.403,50 €	3.234,73 €	18.638,23 €
Lote 2	8.766,90 €	1.841,05 €	10.607,95 €
Lote 3	4.002,25 €	840,47 €	4.842,72 €

Sistemas de seguridade A1, S.L. (NIF: B-15.259.765)

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	16.692,00 €	3.505,32 €	20.197,32 €
Lote 2	10.056,00 €	2.111,76 €	12.167,76 €
Lote 3	4.800,00 €	1.008,00 €	5.808,00 €

Jomar Seguridad S.L (NIF: B-19.168.582)

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	16.061,77 €	3.372,97 €	19.434,74 €



A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa, Segurlem, S.L. (NIF: B-36.262.053), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado para os lotes 1 e 3.

Ante este feito, a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir á citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustificara a oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar este contrato.

Achegada a documentación requirida, o servizo de Arquitectura, mediante informe de data 06 de outubro de 2022 (2EX8E1HLSPJJ4DJZ) e o Museo de Pontevedra, mediante informe de data 9 de outubro do 2022 (CSV: JL60YGBOGMISXRCH), consideran que a documentación presentada pola empresa xustifica de forma correcta as súas ofertas económicas, polo que propuxeron á Mesa de Contratación que fora admitida no Lote 1 e no Lote 3.

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre “B” de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Lote 1

EMPRESAS LOTE 1	Total SOBRE B (criterios automáticos)
Segurlem, S.L. (NIF: B-36.262.053)	93,513
Jomar Seguridad S.L (NIF: B-19.168.582)	76,868
Sistemas de seguridade A1, S.L. (NIF: B-15.259.765)	60,581
Técnica Instalaciones Eléctricas Galicia S.L. (NIF: B-32.501.298)	25,928

Lote 2

EMPRESAS LOTE 2	Total SOBRE B (criterios automáticos)
Segurlem, S.L. (NIF: B-36.262.053)	100,000
Sistemas de seguridade A1, S.L. (NIF: B-15.259.765)	55,837
Técnica Instalaciones Eléctricas Galicia S.L. (NIF: B-32.501.298)	22,788

Lote 3

EMPRESAS LOTE 3	Total SOBRE B (criterios automáticos)
Segurlem, S.L. (NIF: B-36.262.053)	100,000
Sistemas de seguridade A1, S.L. (NIF: B-15.259.765)	29,895
Técnica Instalaciones Eléctricas Galicia S.L. (NIF: B-32.501.298)	25,539

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar os informes dos servizos de Arquitectura e Museo de Pontevedra de datas 6 de outubro de 2022 e 9 de outubro de 2022, respectivamente, e, en base ao mesmo, considerar xustificadas as ofertas presentadas pola empresa



Segurlem, S.L. (NIF: B-36.262.053) no referente ao prezo ofertado para os Lotes 1 e 3.

- 2) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas nos lotes 1, 2 e 3 do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de “Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra”, que quedan da seguinte forma:

Lote 1

POSICIÓN	EMPRESAS LOTE 1	Total SOBRE B	PUNTUACIÓNS TOTAIS
1ª	Segurlem, S.L. (NIF: B-36.262.053)	93,513	93,513
2ª	Jomar Seguridad S.L (NIF: B-19.168.582)	76,868	76,868
3ª	Sistemas de seguridade A1, S.L. (NIF: B-15.259.765)	60,581	60,581
4ª	Técnica Instalaciones Eléctricas Galicia S.L. (NIF: B-32.501.298)	25,928	25,928

Lote 2

POSICIÓN	EMPRESAS LOTE 2	Total SOBRE B	PUNTUACIÓNS TOTAIS
1ª	Segurlem, S.L. (NIF: B-36.262.053)	100,000	100,000
2ª	Sistemas de seguridade A1, S.L. (NIF: B-15.259.765)	55,837	55,837
3ª	Técnica Instalaciones Eléctricas Galicia S.L. (NIF: B-32.501.298)	22,788	22,788

Lote 3

POSICIÓN	EMPRESAS LOTE 3	Total SOBRE B	PUNTUACIÓNS TOTAIS
1ª	Segurlem, S.L. (NIF: B-36.262.053)	100,000	100,000
2ª	Sistemas de seguridade A1, S.L. (NIF: B-15.259.765)	29,895	29,895
3ª	Técnica Instalaciones Eléctricas Galicia S.L. (NIF: B-32.501.298)	25,539	25,539

- 3) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación dos lotes nº 1, nº 2 e nº 3 do contrato para o servizo de “Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra” á empresa Segurlem, S.L. (NIF: B-36.262.053), conforme ao seguinte detalle:

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	15.403,50 €	3.234,73 €	18.638,23 €
Lote 2	8.766,90 €	1.841,05 €	10.607,95 €
Lote 3	4.002,25 €	840,47 €	4.842,72 €



3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)". (Expte.- 2022029524).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 16 de setembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9401 Travesía Meis-San Salvador-Enlace Autovía (AG-41), do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+320 (Concello de Meis)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de setembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desciframento e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA



- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA
- NAROM SL

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550 (O Grove)". (Expte.- 2022039816).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 16 de setembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550 (O Grove)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de setembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de



validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS S.L.
- ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- NAROM SL
- ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

5. Apertura electrónica dos sobres “Únicos” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Balizamento na E.P. 8001 Caldas-Carracedo-Catoira (Caldas de Reis)”. (Expte.- 2022039818).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022006366 de data, 8 de setembro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “Balizamento na E.P. 8001 Caldas-Carracedo-Catoira (Caldas de Reis)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 9 de setembro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un



certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- API MOVILIDAD, S.A.
- SEÑALIZACIONES NORTE, S.L.
- SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.
- SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.
- ACEINSA SALAMANCA, S.A.
- ACEINSA MOVILIDAD, S.A.

Na documentación aportada polas empresas ACEINSA SALAMANCA, S.A., e ACEINSA MOVILIDAD, S.A., figura que pertencen ao mesmo grupo empresarial.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
API MOVILIDAD, S.A.	78.141,94 €	3%	36 MESES	SI	SI
SEÑALIZACIONES NORTE, S.L.	74.977,18 €	3%	36 MESES	NO	NO
SEÑALIZACIONES PEÑA, S.L.	80.200,00 €	3%	36 MESES	NO	NO
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	81.490,80 €	3%	36 MESES	SI	SI
ACEINSA SALAMANCA, S.A.	74.500,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	76.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI



A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, SEÑALIZACIONES NORTE, S.L., e ACEINSA SALAMANCA, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir as citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen as súas ofertas e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e catorce minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

